

I PLAN DE IGUALDADE PARA AS MULLERES DE NARÓN

Resumo da proposta elaborada por Mónica Otero Beceiro e Chus Olivares
Rodríguez

O Concello de Narón leva a cabo dende fai anos diversas accións enmarcadas no Programa de atención á Muller. No marco deste programa se desenvolven actividades tales como: sensibilización e difusión dos dereitos das mulleres, formación específica en temas de emprego, saúde,... estudo e investigación sobre as condicións das mulleres do concello, etc. Na procura de continuar nesta tiña de traballo, e atendendo as normativas vixentes en materia de igualdade, o Concello de Narón pretende promover a elaboración do I Plan de Igualdade para as Mulleres como marco referencia) que contén as estratexias e instrumentos precisos para acadar tales obxectivos.

SOBOR DA IGUADADE DE OPORTUNIDADES:

- Poder á persoa, homes e mulleres, no eixo da decisión, na planificación, na execución e na avaliación de calquera política, atendendo ás situacións e necesidades diferentes, xa que existen posicións asimétricas de poder.
- Planificar e desenrolar as políticas públicas e/ou privadas de tal xeito que mulleres e homes obteñan o mesmo beneficio e incluso un beneficio maior das mesmas para quenes parten. -as mulleres-, dunha situación de desvantaxe.

BREVE DESCRICION DO PLAN

1. Elaboración do I Plan de Igualdade que versará en torno as áreas seguintes.

- Área 1: Introducción da perspectiva de xénero nos políticos públicas (guía linguaxe non sexista)
- Área 2: Participación na vida social e político: empoderamento
- Área 3: Emprego e formación
- Área 4: Educación, cultura, ocio e deporte
- Área 5: Exclusión Social
- Área 6: Violencia contra as mulleres
- Área 7: Saúde e calidade de vida
- Área 8: Corresponsabilidade

Nesta fase será de grande relevancia a creación e posta en marcha do Foro de cidadás, co que se pretende obter unha participación e implicación das mulleres do concello no desenvolvemento das medidas a aplicar.

2- Difusión do I Plan de Igualdade:

a través da información e formación do persoal técnico do Concello, xunto coa creación dun espazo de participación cidadá ()ride as mulleres podan expresar con voz propia as demandas en materia de igualdade, materiais divulgativos diversos como guías. folletos. páxina web, obradoiros de sensibilización respecto do tema á sociedade en xeral

3- Avaliación

A avaliación debe ser sistemática e periódica e debe entenderse dende unha dimensión integral e transversal presente en tódalas fases do ciclo de vida do proxecto. Así mesmo. debe contemplar a incorporación da perspectiva de xénero en todas as súas fases

Por unha banda. tratarase de medir a participación. implicación e satisfacción das persoas implicadas no plan o gran e iriso de execución en tódalas fases do proxecto (reste caso elaboración re difusión) A avaliación do proceso require dun Seguimento continuo e progresivo que permita ir asustando as actuacións deseñadas cós obxectivos previstos e A realidades do desenrolo do proxecto. O método empregado será o das 3 R"s que permite atender a factores cuantitativos e cualitativos

OBXECTIVOS

Xeral:

- Transversalizar o principio de igualdade de oportunidades e de non discriminación por razón de sexo, a través de medidas que favorezan a participación e integración das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública e privada

Específicos:

- Visibilizar os diversos aspectos da realidade das mulleres de Narón (Recompilación datos. Difusión-axentes implicados e foro,e detección de necesidades en función dos mesmos)
- Incorporar a perspectiva de xénero na planificación, deseño. execución e avaliación das políticas municipais en tódolos departamentos (Mainstreaming)
- Promover a implicación das propias mulleres do Concello na elaboración e implementación das medidas encamiñadas a acadar a súa igualdade (Foro de Cidadás)

O desenvolvemento previsto do proxecto xira en torno ás seguintes fases:

1- Diagnose:

Recompilación dos datos existentes en relación á materia (estudio mulleres de Narón, recursos) que nos permitan obter un mapa da realidade na que intervir.
Difusión dos datos que farán ver a necesidade do plan.